


ANA CARREIRA é titulada superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, actriz e narradora oral. Imparte docencia sobre narración oral no Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV). Como escritora publicou *O vixilante dos sonhos* (Editorial Galaxia). En 2014 recibiu o premio Varela Buxán de Dramaturxia pola súa peza *Un intre antes do solpor*.

MANU POLO é titulado en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia, cun mestrado en Pedagogía Teatral pola UVigo. Formouse en diferentes disciplinas, entre as que contan o *clown*, o teatro xestual ou a creación e manipulación de monicreques. Fundou a compañía *Titiritraun*, traballou como actor en diferentes producións audiovisuais e imparte clases de microteatro e de improvisación no EspacioSimia de Vigo e no CIOV.



ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A galiña azul é o punto de partida desta adaptación teatral. Un libro escrito como unha carta a unha nena chamada Ana que marchou da vila cando era pequena. O rapaz que lle escribe cóntalle anécdotas e acontecementos que ocorreron desde que ela se foi: fálalle das amizades, do garda, do tolo... Son cinco relatos: “Querida Ana”, “O peixe da fonte do xardín”, “A bomba da felicidade”, “A galiña azul”, “A formiga esquiadora” e “O final da historia da galiña azul”. Narracións cheas de fantasía, de maxia, pero tamén de crítica social, pois a galiña azul simboliza o dereito a ser diferentes, á liberdade.

Os cinco relatos que se van entrelazando na proposta teatral teñen a vontade de transmitir as mensaxes que están no conto: a defensa da lingua, a importancia das diferenzas ou a liberdade de expresión. Para iso empréganse diferentes técnicas, como a narración oral, a manipulación de monicreques ou o *clown*. Todo pensado para que o público entre na “fantasía do real” e desde alí sinta todos os valores que hai detrás da proposta de Carlos Casares.

ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

a galiña azul

Unha produción de Editorial Galaxia
CARLOS CASARES



falaRedes
programa de dinamización lingüística

XUNTA DE GALICIA



Carlos Casares (Ourense, 1941 – Vigo, 2002) é un dos máis grandes narradores galegos. Comezou como escritor co libro de relatos *Vento ferido* (1960), ao que seguiron outras moitas obras para adultos. Porén, Carlos Casares tamén escribiu para nenos. Naquel momento non había libros infantís en galego e a súa preocupación era que os rapaces e rapazas puidesen ler na súa lingua, polo que traduciu contos doutros idiomas, como *O principíño*, e soñou os libros infantís e xuvenís do futuro. Foi así como naceron *A galiña azul* (1968), *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), ou *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), entre outros.

A actividade *A galiña azul* forma parte de FalaRedes 2017, un programa de dinamización lingüística promovido desde a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. FalaRedes está destinado a ampliar a oferta de ocio en lingua galega en concellos pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística (RDL), promover o uso e a valoración positiva do noso idioma e apoiar os artistas que desenvolven o seu traballo na lingua propia de Galicia.

A galiña azul chegará, desde marzo, a Baiona, Carral, Ferrol, Melide, Ames, Ribeira, Oleiros, Teo, Monforte de Lemos, Monterroso, Foz, Mondoñedo, Ourense, O Barco de Valdeorras, Ribadavia, Cangas, Redondela, Lalín, Vilagarcía de Arousa, Valga e Xinzo de Limia co obxectivo de facer partícipe da celebración das Letras Galegas 2017 os concellos da RDL.

Toda a información e calendario dispoñibles en www.lingua.gal e nas redes sociais do Programa FalaRedes.



FICHA TÉCNICA DA OBRA

Autor orixinal: **Carlos Casares**

Título: ***A galiña azul***

Elenco: **Ana Carreira e Manu Polo**

Vestuario: **Manu Polo**

Construción e deseño de monicreques: **Manu Polo**

Dramaturxia e dirección: **Ana Carreira**

Duración do espectáculo: **45 minutos**

